

## Acto homenaxe ás vítimas portuguesas da represión franquista en Monção.

Escrito por IEM

Martes, 15 Maio 2012 00:18

---



*"Foi criminoso o acto cobarde e intolerante que os abateu. Mas seria também criminoso continuarem nas penumbras do esquecimento*

."

### **José Emílio Pedreira Moreira (Presidente da Câmara Municipal de Monção) 12-05-2012.**

-A memoria de Abilio Araújo Barbosa e Manuel Prudencio do Rosario (veciños de Gondomar) así como a de Telmo Freitas (veciño de Panxón), foi dignificada no acto

["Homenagem a Portugueses mortos pelo Franquismo durante a Guerra Civil Espanhola](#)

", celebrado o pasado 12 de maio de 2012 en Monção.

Canda a interpretación do "Himno de Riego" e a emblemática canción "Grândola, Vila Morena" foi descuberta unha placa que honra a memoria de 56 vítimas da represión franquista de orixe portugués, o pasado sábado 12 de maio no municipio de Monção. Tratouse do primeiro acto de dignificación da memoria destes homes e mulleres na súa terra nai, a pesares dos anos transcorridos.

Na cerimonia, paraticiparon familiares de Abilio Araújo e Manuel Prudencio. O concelleiro de Gondomar, Xosé Antonio Araújo -neto de Abilio- agradeceu á organización a celebración do acto, en nome das familias. Posteriormente fixeron uso da palabra o Presidente da Câmara de Monção, José Emilio Moreira, o Reitor da Universidade do Minho, António M. Cunha e o profesor do Instituto de História Contemporânea da Universidade Nova de Lisboa, Fernando Rosas. O ex presidente da República, Mário Soares, mediante un escrito, desculpou a súa ausencia por motivos de saúde.

Posteriormente, na Casa Museu de Monção da Universidade do Minho, ante unha sala totalmente chea, Lourenzo Fernández Prieto, director do proxecto Nomes e voces da Universidade de Santiago de Compostela, e o historiador Dionisio Pereira, salientaron a importancia das pescudas que a través do devandito proxecto e os traballos conxunto de investigadores das dúas beiras do Miñor, permitiron este avance na recuperación da memoria colectiva.

Polo lado dos investigadores portugueses, a antropóloga Paula Godinho da Universidade Nova de Lisboa insistiu na necesidade de que a memoria abandone a esfera do privado, ao mesmo

## Acto homenaxe ás vítimas portuguesas da represión franquista en Monçao.

Escrito por IEM

Martes, 15 Maio 2012 00:18

---

tempo que reivindicou o exemplo destes portugueses que se integraron na resistencia galega ao fascismo, nunha mostra da pertenza a un "Nós" identitario moito máis alá da lingua entre Galicia e Portugal.

[Preme aquí](#) para descargar a lista completa das vítimas portuguesas da represión franquista.

[Preme aquí](#) para descargar o discurso completo de José Emílio Pedreira Moreira (Presidente da Câmara Municipal de Monção).